

NOTA DE PRENSA

A A.B.E. E CONCELLO PRESENTAN O IV PECHA KUCHA BOIRO

O evento terá lugar o vindeiro xoves 12 de marzo

Boiro, venres 6 de marzo de 2015

A sede da A.B.E. foi o lugar elixido para a presentación dun dos eventos mais innovadores que se celebran na comarca, trátase da IV edición do Pecha Kucha Boiro que terá lugar o vindeiro xoves no salón de actos da A.B.E.

Da presentación do evento encargáronse o presidente da patronal Óscar España e o alcalde de Boiro Juan José Dieste.

O acto o presentará o técnico de cultura do concello de Boiro, Alberto García quen dará paso a 7 exemplos de empresas creativas

Antecedentes:

A ABE ven apostando nos últimos anos pola idea de que a conxunción entre cultura e empresa pode ser un aliado á hora de favorecer a creación de iniciativas empresariais sostibles e rentables.

A nosa entidade ven colaborando dende hai anos nesta idea organizando foros e xornadas na que se exploraba como a creatividade pode ser un factor de innovación e crecemento empresarial.

Coa organización deste evento titulado pretendemos:

- ✓ Por unha banda, amosar que a creatividade potencia a economía e o desenvolvemento local.
- ✓ E por outra dar a coñecer ao tecido empresarial e cultural do Barbanza iniciativas emprendedoras que souberon conxugar INNOVACIÓN + CREATIVIDADE +CULTURA + EMPRESA.

O obxectivo é que sirvan de referencia e aliciente para outras empresas e emprendedores a hora de iniciar unha aventura empresarial.

NOTA DE PRENSA

¿Qué é Pecha Kucha?

Pecha Kucha é un espazo onde oradores de diversas disciplinas expoñen súas ideas e proxectos. Un evento que dende 2003 celebrouse en máis de 400 cidades de todo e que celebramos en Boiro a súa primeira edición en febreiro de 2012.

Pecha Kucha diferénciase doutros eventos polo seu formato rápido de presentación baseado nunha simple idea: **20 imaxes x 20 segundos = 6 min 40 segundos para cada orador**, cada participante propón 20 imaxes, que se proxectan durante 20 segundos cada unha, e sobre elas fai a súa presentación.

Info xeral do formato Pecha Kucha:

http://es.wikipedia.org/wiki/Pecha_Kucha

<http://www.pecha-kucha.org/>

<http://www.pecha-kucha.org/night/a-coruna/>

Participantes IV Pecha Kucha Boiro

Moai

<http://www.studiomoai.com/moai/>

Filosofía, baseada no MOAI, estatuas de pedra monolítica de gran altura que representan estraños personaxes. A historia destas espectaculares figuras, inspirou a “Studio Moai” a desenvolver un proceso de traballo en 3 fases:

DESEÑO:

Proceso previo na procura dunha solución. En Studio Moai, deseñamos para crear, para innovar, para cambiar.

PROXECTOS:

Buscamos respostas ás necesidades e finalizamos o proxecto cando obteñamos o resultado desexado.

FABRICACIÓN:

Posto que un proxecto consiste en reunir varias ideas para levalas a cabo, fabricamos a medida todo o que poidas imaxinar. Son os retos os que nos fan crecer.

NOTA DE PRENSA

Triwus

<http://triwus.com/>

Plataforma de creación web.

Empresa Boirenses que ven de desenvolver un xestor de contidos web (CMS) para que cada persoa poida construír a súa propia web de xeito fácil e intuitivo.

É destacable que unha empresa Boirenses, con medios e programadores locais desenvolva este tipo de tecnoloxía ao nivel de multinacionais como 1and1 ou arsys.

Ademais desta liña de negocio realizan creación web a medida e deseño corporativo creando incluso paquetes combinados de produtos.

Arousa Norte: empresa, turismo e cultura

Arousa Norte leva traballando a estratexia turística da comarca moitos anos... O TURISMO CULTURAL, PATRIMONIAL E PAISAXÍSTICO son liñas mestras desta estratexia na que SEMPRE se tivo moi en conta a COLABORACIÓN CON EMPRESAS locais. Un exemplo claro é a colaboración coas conserveiras, en concreto para este pk, a colaboración con Luís Ecurís Batalla, na ruta do mexillón, utilizando a fábrica como lugar visitable ou co último proxecto desenvolvido, onde se tentaba mezclar deseño gráfico e aportacións de artistas para poñer en valor aínda máis e a través do packaging, os excelentes produtos derivados do mar que estas conserveiras enlatan e distribúen por todo o mundo.

Biomega Natural Nutrients

<http://bnnutrients.com/index.php>

Biomega Natural Nutrients S.L. é unha empresa biotecnolóxica especificamente deseñada para a obtención de aceite con alto contido en **Omega 3 natural extraído en frío**. Isto significa que, grazas a súa avanzada tecnoloxía, non utiliza neste proceso ningún disolvente químico nin altas temperaturas, que tanto comprometen a calidade do produto final. Por elo o aceite final, que contén un alto contido en Omega 3, mantén as propiedades naturais e a súa actividade biolóxica.

Ademais da extracción de aceite de Omega 3 de gran calidade e biodisponibilidade, Biomega Natural Nutrients S.L. está especializada na elaboración de cápsulas de xelatina branda, contando cun equipo de I+D encargado de desenvolver novas formulacións de produtos tanto propios como para terceiros.

NOTA DE PRENSA

Gastromania

<http://www.gastromaniarestaurante.es/>

” A cociña tradicional Galega, as sobremesas e o trato familiar son nosa bandeira e o impulso que nos anima día tras día a dar o mellor de nos”

Creemos na cociña que evoca recordos, creemos en que o traballo fala por sí mesmo, estamos convencidos que as **receitas tradicionais galegas** son a nosa base, que cociñamos para vos.

Por iso estamos convencidos de que as sobremesas son básicas, o trato familiar primordial, a sencillez unha bandeira que lucir, que vale infinitamente máis un abrazo que un me gusta nas redes sociais.

Estes son os valores que nos manteñen vivos.

Nacho Rodríguez é o cociñeiro e xerente desta proposta gastronómica e actualmente está nominado ao mellor cociñeiro galego do ano, premio outorgado polo fórum gastronómico e La Voz de Galicia.

Vermú Nordesía

<http://www.nordesgin.com/>

Somos galegos, de nacemento e por convicción. Somos artesáns, por tradición e por principios. Recolectamos produtos galegos de primeira calidade, traballamos incansablemente buscando fórmulas que doten aos nosos brebaxes dunha personalidade única, de un carácter nobre e sensible, atractivo e elegante.

A empresa Atlantic Galician Spirits acaba de realizar unha das operacións empresariais mais importantes dos últimos tempos en Galicia vendendo ao grupo Osborne a súa división de Xenebra, a coñecida NORDES.

Tras acadar o éxito internacional con este produto agora pretenden repetir o éxito co vermú nordesía.

NOTA DE PRENSA

Reizentolo

<http://www.reizentolo.es/es/>

A historia comeza en 2003, cando tres xoves galegos recen licenciados crean unha primeira liña de camisetas con deseños que mesturan a cultura popular de Galicia coa estética do pop art anglosaxón e a cultura popular global. A idea era facer arte nun formato asequible que chegara a todo tipo de xente, cun estilo sempre divertido e cargado de ironía.

Ao principio ninguén vía viable a proposta, polo que comezaron a vender eles mesmos por feiras, festas e festivais ata chegar a montar a súa primeira tenda en Pontevedra. Pasada una década, estes produtos véndense en 6 tendas **reizentolo** en Galicia, nun centenar de tendas multimarca en toda España e online.

A filosofía **zentola** pódese resumir en *Galeguidade, Creatividade, Universalidade*

Galeguidade, por ser Galicia o xermolo e o motor de todo o proxecto zentolo.
Creatividade, por sela creatividade a gasolina que fai arrancar e impregna cada traballo.
Universalidade, por tentar sempre que o traballo de reizentolo chegue ao maior número de xente posible.

SAÚDOS, PRENSA ABE